



ASUNTO: XORNADA DE PORTAS ABERTAS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA
NENAS E NENOS
DESTINATARIO: DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO

Estimado Director/a:

O próximo 24 de maio de 2025 celebrarase a festividade de Santa María Auxiliadora, patroa da Policía Local.

A Xefatura da Policía Local de Vigo celebrará unha xornada de portas abertas, de 10:00 a 14:00 horas, para que todas as persoas interesadas poidan visitar parte das nosas dependencias, coñecer o funcionamento do corpo policial e, ademais, as nenas e nenos poderán participar en diferentes actividades formativas.

Agradézolle que poña en coñecemento dos pais e nais dos seu alumnado a celebración das actividades que a continuación se relacionan. Gustaríanos convidalos a todos a participar neste acto conmemorativo e a gozar dunha xornada de aprendizaxe para nenos e nenas.

Para unha mellor organización e unha correcta distribución de horarios e asistentes entre as diferentes actividades, rogamos que todos os interesados en participar o comuniquen a esta Xefatura mediante o envío dun correo electrónico á dirección pleduracionvial@vigo.org, indicando número de asistentes e relación de parentesco, idade dos nenos/as, hora estimada de chegada e teléfono de contacto, antes das 12:00 horas do xoves 22 de marzo de 2025.

Actividades:

- Circuito de educación viaria. Sesión formativa para aprender a circular de maneira segura e coñecer e respectar os sinais de tráfico. A actividade desenvolverase na Praza do Rei. Será preciso que os nenos e nenas, cunha idade comprendida entre os 6 e os 12 anos, asistan con casco de protección e bicicleta ou patinete propios e sexan autónomos na súa correcta utilización.
- Exposición de vehículo da Unidade de Protección Cidadá. Explicación do material de dotación habitual.
- Exposición de vehículo da Unidade de Atestados e Investigación de Accidentes. Explicación do material de dotación habitual e dos instrumentos propios da Unidade.
- Exposición de material da Unidade Especial de Seguridade.
- Exposición de material do Equipo de Drons e demostración de funcionamento.
- Técnicas básicas de asistencia sanitaria. Sesións formativas para ensinar aos nenos e nenas conceptos sinxelos para saber como actuar ante unha parada cardio-respiratoria ou un atragoamento.
- Visita guiada a diferentes estancias da Xefatura da Policía Local.

Reciba un cordial saúdo,

En Vigo, a 6 de maio de 2025

Alberto Carballo Acuña, intendente xefe da Policía Local de Vigo.

Conforme,

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal – Patricia Rodríguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 28/06/24 e posterior corrección de erros de 01/07/2024, BOPPO nº 134 do 10/07/2024 e Resolución da Alcaldía de data 28/06/24, BOPPO nº133 do 09/07/2024).

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei nº 1. 36202 VIGO (PONTEVEDRA). DIR3 L01360577



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/05/2025 09:34

Páxina 1 de 1

CSV: AHA4E3-E7A1AA-A3C253-ZBQGCN-26KZ3R-FH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>